

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O  
DÍA 27 DE XULLO DE 2017**

ASISTENTES

ALCALDE-PRESIDENTE D JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ ( PSOE)

CONCELLEIROS

D RICARDO GONZÁLEZ AMARO (PSOE)

Dª MARÍA LÓPEZ TOUZA ( PSOE)

D JAVIER IGLESIAS SENDÍN ( PSOE)

Dª NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO ( PSOE)

D CÉSAR MANUEL FERNÁNDEZ GIL (PP)

Dª CLARA LOEDA SOTO (PP)

D CELSO SOTELO BARROSO (PP)

Dª MARÍA LUZ EXPÓSITO PÉREZ (PP)

D XACOBE GARCÍA SOTO (PP)

D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ ( RBC)

D MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ ( CxG)

Secretario: Francisco Fernández Castro

Interventor: Vicente Soto Rodríguez

No salón de sesións do concello de Ribadavia sendo ás vinte horas e cinco minutos do día vinte e sete de xullo de dous mil dezasete reúnese en sesión ordinaria , e en primeira convocatoria, o concello pleno , baixo a presidencia do Sr Alcalde, coa asistencia dos concelleiros anteditos, actuando como secretario Francisco Fernández Castro e asistindo o responsable do departamento de Intervención don Vicente Soto Rodríguez.

De seguida comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida constitución da sesión , o Sr Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

- 1. APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA ULTIMA SESION CELEBRADA, QUE FOI A DO 29 DE XUÑO PASADO (ORDINARIA).-**

Faise constar polo señor alcalde- presidente que hai un erro na acta , na proposta de acordo de modificación do ruego municipal non constaba por erro de transcripción o camiño do Alto dos Palleiros en Ventosela, con dita modificación a acta resulta aprobada por unanimidade.

## **2. DACION DE CONTA DE: A)DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.**

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía dítadas dende a sesión anterior, e que de seguido se relacionan:

Do 27 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 28 de xuño; seis, unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre contrato laboral temporal; unha, sobre devolución aval; unha, sobre enterramento; unha, sobre eficacia comunicación previa cambio titularidade de actividade; unha, sobre eficacia comunicación previa obra.

Do 29 de xuño; nove, catro, sobre devolución plusvalía; dúas, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre bonificación IVTM; unha sobre cumprimento orde; unha, sobre aboamentos.

Do 30 de xuño; seis; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre convocatoria Xunta Goberno Local; unha, sobre concensión servizo Xantar na Casa; unha, sobre nomeamento provisional de cabo Policía Local; unha, sobre reposición legalidade urbanística; unha, sobre aboamentos.

Do 01 de xullo; unha, sobre eficacia comunicación previa obra.

Do 03 de xullo; oito; catro, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre sobre devolución taxas Conservatorio; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; dúas, sobre aboamentos.

Do 04 de xullo; quince; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; oito, sobre fraccionamento débeda tributaria; unha, sobre cambio titular recibos; unha, sobre prórroga licenza obras; dúas, sobre licenza ocupación vía pública; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 05 de xullo; oito; dúas, sobre fraccionamento débeda tributaria; dúas sobre liquidación taxa servizo Ext. Incendios e outros; unha, sobre incoación expediente de honra; unha, sobre eficacia comunicación previa actividade; dúas, sobre aboamentos.

Do 06 de xullo, dez; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; tres, sobre fraccionamento débeda tributaria; unha, sobre declaración exención IVTM; dúas sobre liquidación Taxa Servizo Ext. Incendios e outros; unha, sobre mesa contratación; unha, sobre eficacia comunicación previa actividade; unha, sobre aboamentos.

Do 07 de xullo; sete; unha, alta no Padrón Habitantes; unha, sobre división de recibo en varios titulares; unha, sobre concesión servizo Xantar na Casa; unha, sobre convocatoria Xunta Goberno Local; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; dúas, sobre aboamentos.

Do 10 de xullo; nove; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre exención IVTM; catro, sobre fraccionamento débeda tributaria; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 11 de xullo; nove unha; sobre anulación recibo IBI; tres, sobre fraccionamento débeda tributaria; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre concesión servizo Axuda no Fogar; unha, sobre concesión vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 12 de xuño; sete; unha, sobre fraccionamento débeda tributaria; unha sobre baixa recibo basura; unha, sobre concesión servizo Xantar na Casa; unha, sobre nomeamento tribunal baremación praza Capataz Forestal; unha, sobre incoación expediente sancionado; unha, sobre concesión vacacións; unha., sobre aboamentos.

Do 13 de xullo; sete; catro, sobre liquidación ingreso directo Taxa Servizo Ext. Incendios e outros; dúas, sobre concensión servizo axuda no fogar; unha, sobre aboamentos.

Do 14 de xullo; tres; unha, sobre comparecencia funcionario; unha, sobre convocatoria Xunta Goberno Local; unha, sobre aboamentos.

Do 17 de xullo; catro; unha, sobre concesión vacacións; tres, sobre aboamentos.

Do 18 de xullo; tres; unha, sobre delegación competencias; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 19 de xullo; catro; unha, sobre contrato adtvo. xestión actividades físico-deportivas; unha, sobre concesión vacacións; unha., sbre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 20 de xullo; catro; unha, sobre concesión vacacións; unía, sobre ocupación via pública; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

### **3. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOLICITANDO A CREACIÓN DUN SERVIZO DE CONCILIACIÓN FAMILIAR.**

O secretario da lectura ao Ditame da Comisión informativa do seguinte tenor literal:

A COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL, SANIDADE E PARTICIPACIÓN CIDADAN , NA SÚA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 20 DE XULLO DE 2017 ADOPTOU O SEGUINTE DITAME:

A conciliación da vida laboral e familiar é unha das necesidades básicas para as familias do século XXI, xa que a realidade social provoca que, en moitos casos, os horarios laborais dos pais impidan a posibilidade de levar aos seus fillos ao colexio, posibilitando deste xeito unha correcta conciliación da vida laboral e familiar.

Tendo presente o importante devalo demográfico existente na comarca, , pode ser interesante implementar servizos coma o de conciliación familiar para incentivar a natalidade ou ben para atraer familias da contorna con cativos en idade escolar que poidan estar interesadas nun servizo destas características.

Dende o grupo municipal do Partido Popular de Ribadavia , cremos que sería necesario implementar un servizo de gardería municipal para que as crianzas pudiesen estar atendidas dende as 7:30 da mañá, ata a hora de comezo das clases e un servizo de almorzó saudable para os alumnos que estivesen interesados.

Por todo isto, propoñemos ao pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

1 Instar ao goberno municipal a iniciar, de xeito inmediato, os trámites necesarios para crear un servizo de conciliación familiar que se poña en marcha ao inicio do vindeiro curso 2017/2018.

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol PP (2), , reservándose para o pleno PSOE, CxG, BNG e RBC .

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Unha breve exposición de qué e de porque. Se pretende a recollida de nenos e nenas de 7:30 ata as nove, a entrada do colexio. O piden moitos pais para conciliar a vida familiar. Un servizo de coidade de atención temperán e coidado saúdale., complementando a oferta do concello. É unha cuestión que se debe afrontar de inmediato. Non hai partida específica do orzamento para este servizo. Nos xa pedimos incluír unha partida de 21.000 euros no orzamento para isto, rexeitouse como todas as nosas propostas. Existe a posibilidade dunha modificación orzamentaria, presentamos a iniciativa para que o pleno se pronuncie.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- Desculpas polos cinco minutos de tardanza. Parecenos unha boa proposta, é un servizo que xa existiu e é demandado, para o comenzo do curso ou no novo orzamento. En relación está a falta de prazas na Galiña Azul, é unha medida positiva pero complementaria. É un problema a resolver para o ano que vén, o problema principal é o da Galiña Azul.

D Manuel Vázquez López ( CxG).- Un recordo pola aniversario de Miguel Angel Blanco, que era concelleiro coma nos. Voume abster porque vexo abstracta a moción, non sabemos o custe do servizo para o concello. Facer fincapé no que dixo o concelleiro de Ribeiro en Común , os nosos esforzos deben centrarse na Galiña Azul.

D Xacobe García Soto ( BNG).- A medida acaída sería nova inversión e ampliación de prazos na Galiña Azul. Cada un ten os seus horarios de traballo e ensino e hai que compatibilizar. A baixa demografía non é o problema do concello, a falta de oportunidades obriga a marchar a outros sitios. O problema non é a natalidade no medio rural senón o desmantelamento do rural.

D<sup>a</sup> Noelia Rodríguez Travieso ( PSOE).- Habería que comprobar se hai demanda, se debería engadir ao acordo crear unha lista para que se anoten os interesados. Noutras lexislaturas non houbo demanda. Dende o concello se ten adoptado unha gran cantidade de iniciativas neste eido: conciliación no verán con Avia verán, Bolboretas, axudas para material escolar, descontos na piscina, becas escolares, axudas ao transporte universitario, tarxeta chegou, bono cidade... se ten adoptado moitas medidas dende o concello.

D César Manuel Fernández Gil ( PP).- Dende este grupo se demandou un aumento de prazos na Galiña Azul, este grupo sempre apoiou ese tipo de iniciativas. Non hai lista de espera para a Galiña Azul o próximo ano, iso ten dúas lecturas.. Compromiso por Galicia ten requerido que o servizo sexa comarcal, hai un erro nese plantexamento, foi Ribadavia a que saíu da mancomunidade na que existía ese servizo. Foi unha decisión política do concello, pedimos recuperar ese servizo. Notamos esa demanda na xente. Non hai problema na emenda proposta pola concelleira de Servizos Sociais, facer unha preinscripción previa como sondaxe. Non sei se nos programas de Avia verán o na ludoteca de verán houbo un sondaxe previo; si se entende necesaria esa preinscripción non hai problema.

D Manuel Vázquez López ( CxG).- Ribadavia e outros concellos non están na mancomunidade, os esforzos se deberían volcar na Galiña Azul.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- Dí o portavoz do PP que non hai lista de espera na Galiña Azul, os motivos son varios; hai pais que levan aos seus fillos a outras garderías; mesmo dándose de baixa no censo municipal. Ribadavia aspira a ser capital da comarca, hai servizos que deben estar centralizados en Ribadavia.

D Xacobe García Soto ( BNG).- A emenda proposta polo grupo de goberno é interesante, permite coñecer previamente a demanda. Con esa medida se pode evitar inversión innecesaria. Penso que a demanda vai ser alta.

D César Manuel Fernández Gil ( PP).- Compromiso por Galicia dice que non se especifica o custe do servizo; 10.000 euros máis IVE foi o que se propuso no orzamento.

Alcalde.- O PP fixo esa proposta nos orzamentos , non é verdade que non lle recolleramos ningunha aportación nos orzamentos. Os 21.000 euros só sufragan o local, hai que dotar de persoal. Ese servizo o montou este goberno, houbo moitas críticas por deixar a mancomunidade. Podemos non ser quen de contratar novo persoal polas exixencias da Lei estatal de orzamentos.

D César Manuel Fernández Gil ( PP).- Se pode facer un contrato de servizos.

Alcalde.- Non é o noso modelo, a responsabilidade e o persoal ten que ser do concello. Non é un servizo gratuito , costa cartos ten que quedar claro. Hai que abrir quenda sabendo o que costa. Tería que ser para o curso 2019. Na Galiña Azul si quedaron persoas fora, de concellos limítrofes, non quedou fora ningún neno do noso concello. A baixa na demografía non depende só da natalidade, ten razón o voceiro do BNG. Se estudiará a situación. Se as cousas que ven da oposición están ben, nos as apoiamos. Nos campamentos hai moita demanda.

Se somete a votación a proposta coa engadega proposta :

1 Instar ao goberno municipal a iniciar, de xeito inmediato, os trámites necesarios para crear un servizo de conciliación familiar que se poña en marcha ao inicio do vindeiro curso 2017/2018.

2 Crear unha lista na que se apunte os interesados para comprobar se hai demanda.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

#### **4. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE RIBEIRO EN COMÚN PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA REHABILITE O SEU PATRIMONIO INMOBLE NO CASCO HISTÓRICO E ELABORE UN PLAN DE SEGUIMIENTO, CONTROL E MELLORA DE FINCAS E INMOBLES ABANDONADOS NO CASCO HISTÓRICO.-**

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O Concello de Ribadavia posúe inmobles situados no entorno histórico que na actualidade atópanse nun estado avanzado de abandono, e que polo tanto en vez de ser referenciais e exemplares para a cidadanía cumpre o obxectivo contrario, mostrando o que non debe ser un inmovible de propiedade pública.

Inmovible municipal da rúa dos Fornos: inmovible en estado de ruína, no cal boa parte do mesmo sufriu derrubo do tellado e de parte do edificio.

Inmovible municipal na rúa San Martiño cruce coa rúa Xerusalén: inmovible que xa foi intervido no pasado, na actualidade ten a parede que dá á rúa Xerusalén cunha importante curva, o que dá a sensación de certa inseguridade.

Inmovible municipal situado na ribeira do río Avia e cuxa reforma foi iniciada no ano 2009 por un obradoiro de emprego: inmovible cuxo obxectivo inicial ía ser o hostaleiro, nunca se chegou a rematar, permanecendo en estado de abandono desde entón e sufrindo o deterioro do tempo e o clima. O aspecto que lle dá a zona non é o máis axeitado para unha vila histórica como Ribadavia.

Inmovible do antigo Matadoiro municipal usado actualmente como almacén, na rúa Vendaval: edificio que alberga un almacén municipal e que recolle graves deficiencias, fundamentalmente na súa conservación e sobre todo no seu tellado, visiblemente deteriorado, chegando a haber mesmo zonas sen tellado.

Finca do forno antigo, na rúa dos Fornos: finca municipal no corazón do casco histórico, que non é aproveitado para uso público, na actualidade no canto de ser un recurso a por en valor, é unha eiva e un problema que lle supón ao goberno dedicarlle dúas veces ao ano labores de desbroce, sendo isto visiblemente insuficiente.

O espazo público un ben a ampliar.

A ampliación do espazo público no casco histórico sempre debe ser un obxectivo do noso Concello, propoñemos :

- a iniciación dos trámites para a adquisición dunha finca privada en situación de abandonado na praza Doutor García Boente coa rúa Santiago. Xa houbo algún intento no pasado de adquirir esta finca por parte do Concello pero sen resultado positivo, desde o noso punto de vista debe retomarse este obxectivo, e que o

Concello compre aos seus propietarios este solar para destinalo a espazo público. Unha saída secundaria a esta finca, sempre preferible ao seu estado actual, é que os propietarios executaran os seus dereitos sobre a mesma para a edificación ou venderan a outro particular estes dereitos, sempre preferible a súa situación actual.

- recuperación para espazo verde no casco histórico da finca na que se ubica o antigo forno da rúa dos Fornos, propiedade municipal. O Concello debe dar exemplo, non se pode actuar sobre os bens privados se os públicos témolos abandonados.

Coidado, limpeza e boa imaxe do casco histórico.

Sen dúbida é isto un dos temas importantes na xestión do goberno local. Propoñemos as seguintes medidas urxentes e de rápida implementación como son:

- Cubrir os colectores situados no casco histórico, de semellante maneira ao realizado en zonas da rúa Progreso.
- Mellorar a imaxe da estación de bombeo situada na ribeira do Avia ao seu paso polo casco histórico, entre a ponte de San Francisco e a ponte de ferro do ferrocarril.
- Limpeza e mellora de toda a Ponte de San Francisco, desde a súa base.
- Limpeza da base da Ponte de ferro do ferrocarril.
- Retirada dos pivotes situados na praza de San Xoán ou o seu arranxo, xa que a imaxe da praza queda danada. Reforzamento da vixilancia nesta praza que é usada diariamente como aparcadoiro, uso que non está permitido.

Protección do casco histórico de Ribadavia a través da aplicación no nivel municipal de puntos da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.

Esta lei no seu Título VI, recolle unha serie de competencias e posibilidades para as Administracións na súa intervención sobre a edificación e o uso do solo, relativo ao fomento da edificación, a súa conservación e rehabilitación.

- Artigo 135. 1, C. Recolle o deber dos propietarios de conservar as edificacións en condicións legais, e de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles.
- Artigo 135. 3. Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e, se é o caso, a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.
- Artigo 136. 1. Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo da audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a:
  - a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.
    - Artigo 137. 2. Os Concellos inferiores a 50.000 habitantes, como é o caso do de Ribadavia, poderán crear un Rexistro de Soares de maneira facultativa.
    - Artigo 138. A Lei 2/2016 do Solo de Galicia recolle a posibilidade de O concello, no prazo máximo dun ano desde a inclusión do inmovible no Rexistro de Soares, sacar a poxa pública, co tipo de licitación que resulte da valoración do inmovible.
    - Artigo 141. Declaración de ruína:

1. Cando algunha construción ou parte dela estea en estado ruinoso, o concello, de oficio ou por instancia de calquera interesado, declarará esta situación e acordará a total ou parcial demolición, ou o procedente para garantir a seguridade, logo da tramitación do oportuno expediente contradictorio con audiencia do propietario e dos moradores, agás inminente perigo que o impida.

2. Procederá a declaración de situación legal de ruína nos seguintes supostos:

a) Cando o custo das obras necesarias exceda a metade do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo.

b) Cando o edificio presente un esgotamento xeneralizado dos seus elementos estruturais fundamentais.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción do seguinte ACORDO:

1. Que o Concello de Ribadavia estableza un Plan de recuperación e reforma dos inmobles que son de propiedade municipal. Que se estableza nun Plan municipal a reforma para vivenda de promoción pública local.
2. Que o Concello de Ribadavia, directa ou indirectamente en colaboración con iniciativas públicas ou privadas a través de convenio público, recupere os seus inmobles para:
  - Inmable municipal da rúa dos Fornos: vivendas para persoas censadas ou que se censan no noso Concello, de acordo a lei vixente.
  - Inmable municipal na rúa San Martiño cruce coa rúa Xerusalén: vivendas para persoas censadas ou que se censan no noso Concello, de acordo a lei vixente.
  - Inmable municipal situado na ribeira do río Avia: uso hostaleiro ou de turismo a través de convenio ou concurso público, de acordo a lei vixente.
  - Inmable do antigo Matadoiro municipal usado actualmente como almacén, na rúa Vendaval: uso municipal multiusos.
  - Finca do forno antigo, na rúa dos Fornos: recuperar esta finca para espazo verde no casco histórico.
3. Que o Concello de Ribadavia leve a cabo as intervencións de cara a embelecer o casco histórico propostas no corpo da Moción: Mellorar a imaxe da estación de bombeo, cubrir os colectores da zona histórica, Retirada dos pivotes situados na praza de San Xoán ou o seu arranxo, limpeza das pontes de San Francisco e ponte de ferro.
4. Que o Concello de Ribadavia, en base á Lei 2/2016 do Solo de Galicia, leve a cabo os artigos que esta Lei lle permite para intervir en favor dun casco histórico de Ribadavia ben conservado, transformando soares abandonados en habitables e substituíndo inmobles en ruínas por vivendas. Todo de acordo á normativa vixente.

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol Agrupación de Electores Ribeiro en Común, reservándose para o Pleno o PSOE , PP, BNG e CxG Por conseguinte fica ditaminada favorablemente.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- O ditame foi explícito, o noso grupo xa tivo numerosas iniciativas sobre o casco histórico. O concello ten que dar exemplo coas súas propiedades. O concello lle exige a outros propietarios e non ten en boas condicións os seus inmobles. Hai que poñer as bases para a solución futura de este problema. O inmovible dos Fornos caíu o tellado, está en ruina. O inmovible da rúa San Martiño e Xerusalem ten un muro en mal estado. O inmovible da ribeira do Avia non se chegou a rematar no obradoiro. A estación de bombeo está en mala situación, leva case varios anos así. O tellado do matadoiro ten desperfectos , hai partes totalmente rotas, parece un inmovible abandonado e a situación pode empeorar. Sobre os soares e as fincas non municipais o concello ten ferramentas para intervenir. Na Praza de García Boente hai unha finca de titularidade municipal , e o concello a tentou comprar. Podería ser unha boa idea ampliar a praza, ou que os actuais propietarios ou outro promotor edificase. Retomar as xestións para conquistar a propiedade. Hai que recuperar a finca na rúa dos Fornos , non é suficiente o desbroce , podería ser zona verde, é un espazo a recuperar. Tomar pequenas medidas , como cubrir os colectores, se fixo na rúa Progreso.

Que se limpien as fincas, ou requirindo aos titulares ou o concello con medios propios. Á estación de bombeo , cando menos, unha man de pintura. Na praza de San Xoán , retirada ou mellora dos pivotes, hai que incrementar a vixilancia os coches están mal aparcados.

A Lei do Solo de Galicia da ferramentas aos concellos para obrigar aos propietarios a manter os inmobles en condicións de ornato, seguridade e salubridade. Permite crear un rexistro municipal de soares en concello de menos de 50.000 habitantes como Ribadavia. En ocasións hai perigo de salubridade para os inmobles colindantes, insectos, ratas, perigo de incendio. A primeira intervención municipal debería ser verbal. Para requirir aos veciños a limpiar , o concello ten que dar exemplo coas súas propiedades.

O destino final dos inmobles que propoñemos é flexible , pola nosa parte, o importante é a recuperación dos inmobles.

Alcalde.- O regulamento municipal prevé que as intervencións sexan de cinco minutos, pido , como unha reflexión, non como unha obriga, que as intervencións sexan de entre cinco e dez minutos.

D Manuel Vázquez López ( CxG).- o noso grupo está a favor, é interesante e ben explicitado. O noso grupo presentou propostas , nalgún caso, similares ou coincidentes.

D Xacobe García Soto ( BNG).- Máis dunha vez se trae a este pleno a situación do casco histórico . Para este grupo é fundamental a recuperación dos espazos públicos, as medidas propostas son interesantes.

Tendo tanto inmovible de titularidade municipal, hai asociacións que solicitan espazos e non somos quen de ceder. Imos votar a favor.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Imos votar a favor, estamos a favor de todo o que sexa mellorar ou dinamizar a concepción do casco histórico . Nos xa pedimos , e



seguimos manifestando a necesidade, dun Plan Director do Casco histórico. Eiquí se presenta unha relación exhaustiva e pechada de utilización dos inmobles. Estamos de acordo coa moción, pero insistimos na necesidade dun Plan Director que faría máis fácil as actuacións posteriores.

D Javier Iglesias Sendín ( PSOE ).- Na moción hai dúas cuestións, as fincas e inmobles municipais e os privados.

A Área de Rehabilitación Integral tivo un bo funcionamento, mesmo o concello rehabilitou inmobles seus. O concello tentou convenios para reparar os seus inmobles. No matadoiro vaise reparar , en breve, o tellado coa brigada de obras. Nos inmobles privados é complicado, e non porque o concello non faga os deberes. En San Cristovo hai unha casa emblemática en mal estado , que ten cincoenta herdeiros, o concello abriu expediente.Limpiou o propio concello,o tema das partixas é como é.

Estamos de acordo coa limpeza das fincas privadas, o soar fronte ao colexio, se tenta un acordo coa entidade bancaria titular e que se use como aparcamento do colexio. Se notificou ao Instituto Galego de Vivenda e Solo para que limpie o parque empresarial. Voto a prol.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- Non atopei a ordenanza do pleno, pero o autor da moción ten máis de cinco minutos para expoñer. Vou a intentar ser máis sintético, parece que molesta que se expliquen as mocións. Agardo que non sexa unha moción que se aproba e non se leva a cabo, do que hai moitos exemplos. Había unha proposta de Ribeiro en común para plan de mellora do casco histórico.

Respecto ás limpeza se fixeron algunhas e outras non. Respecto á complexidade dos expedientes e das medidas, hai que recoñecer que é un tema sensible, hai normativa autonómica que permite tomar medidas. Agradezo o apoio á moción.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

## **5. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE RIBEIRO EN COMÚN PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA RESOLVA A SITUACIÓN DOS COLECTORES SOTERRADOS FORA DE SERVIZO, RESOLVA A PROBLEMÁTICA QUE OCASIONA A FALTA DE COLECTORES EN RIBADAVIA E TOME MEDIDAS URXENTES PARA A TEMPADA DE VERÁN.-**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A problemática dos colectores de Ribadavia é xa vella nesta lexislatura.

Ribeiro en Común leva tempo advertindo desta realidade, neste sentido engadiu no Orzamento 2017, no que foi recollido a proposta súa, unha partida para a solución desta problemática como “Partida para o arranxo/substitución de colectores soterrados fora de servizo”. Este Orzamento foi aprobado en Novembro de 2016, sen embargo a día de hoxe continúa sen abordarse esta problemática que leva anos existindo entre pequenos arranxos e retoques que non resolveron nada.

Hai 6 zonas con colectores soterrados: zona chalets, zona portanova, zona banca roblasalgado moscoso, praza de abastos, travesía ribeiro, e rúa ribeiro (zona cruce do Carballiño). En case todas, excepto unha, atópanse colectores avariados. Sen que estas

zonas se reforzaran con colectores de superficie complementarios para aminorar o prexuízo de ter os soterrados fora de servizo.

Por conseguinte, o Concello de Ribadavia leva anos tendo unha menor capacidade de recollida de lixo na rúa, o que significa que en non poucas ocasións os colectores existentes non son suficientes para recoller o lixo e obrigando a quedar fora na rúa moita cantidade de lixo, que antes das avarías e fora de servizo dos colectores soterrados non acontecía. A isto hai que sumarlle a escasa sensibilidade que unha pequena minoría da veciñanza ten no cumprimento no depósito de lixo fora do seu horario, unha minoría que ocasiona malestar a inmensa maioría que si cumpre. Nesta materia nunca se fixo traballo por parte dos responsables municipais de facer cumprir a normativa existente ao respecto, ben de maneira positiva a través de campañas didácticas (o máis que se fixo foi por pegatinas nos colectores recordando o horario existente), ou a través de medidas coercitivas a través de sancións a quen non cumpre dita norma. Así, diante da evidente eiva nas instalacións de colectores, o goberno decide colocar recentemente carteis informativos indicando as horas e a forma de depositar o lixo. Boa e necesaria iniciativa, pero que semella que pretende responsabilizar unicamente á veciñanza do mal uso dos colectores. Sendo en parte certo que non se respectan sempre as normas de “sacar o lixo” por parte dalgún veciño ou veciña, non é menos certo que as zonas e colectores que desminúen enormemente sen que o goberno establecera alternativas reais diante dunha situación de perda de colectores causada pola súa avaría e fora de servizo.

Urxe que o Concello de Ribadavia adopte medidas inmediatas de cara a tempada de verán na que a existencia de eventos festivos e a collida de visitantes fai aumentar a xeración de lixo en Ribadavia, o que sumado ao aumento de altas temperaturas pode ocasionar un malestar na rúa así como perigo de salubridade. Neste sentido urxe que se garanta a existencia de colectores de lixo en tempada de verán, xusto cando se producen maiores problemas na súa recollida.

Outra das problemáticas asociada e ligada a esta situación de avaría e deterioro dos colectores soterrados é a proliferación de insectos e ratas nas zonas e inmediacións destas áreas de colectores (illas), nas que é público e notorio, sobre todo co aumento de temperaturas, a súa existencia de maneira importante. Outra das cuestións que desde o Concello de Ribadavia se debe solventar de maneira urxente a través da desparasitación e eliminación de pragas de insectos e colonias de ratas.

Ausencia total de mantemento e conservación da maquinaria e instalacións dos colectores soterrados.

A causa principal desta situación atopámola na desidia e abandono por parte dos responsables municipais no mantemento e conservación dos colectores soterrados. O Concello de Ribadavia debe realizar un traballo de mantemento e conservación periódico da maquinaria e sistema de colectores soterrados, tal e como estipula o fabricante e tal e como se recolle na acta de recepción na que se obriga ao Concello a realizar.

Nos orzamentos 2017 do Concello de Ribadavia recollese unha partida, introducida polo grupo Ribeiro en Común, para comezar de maneira urxente a solventar a problemática xa existente co comezo da lexislatura 2015-19 do deterioro dos colectores soterrados. É labor do goberno municipal buscar formulas que leven ao arranxo desta problemática importante que nestes momentos ten Ribadavia, un problema de salubridade e cheiros pero tamén de imaxe dunha vila e dunhas parroquias que merecen un coidado que a día de hoxe, e no que vai de lexislatura, está totalmente descoidada por parte do goberno local de Ribadavia.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción do seguinte ACORDO:

- 1.-Que o Concello de Ribadavia recupere a capacidade de recollida de lixo que tiña antes da avaría e fora de servizo dos colectores soterrados.
- 2.-Que o Concello elabore directamente ou solicite colaboración para a realización dun estudo técnico e económico da reparación e mantemento dos colectores soterrados de Ribadavia.
- 3.-Que o Concello de Ribadavia adopte medidas urxentes para garantir a existencia de colectores de lixo en tempada de verán, xusto cando se producen maiores problemas na súa recollida debido ao aumento do seu uso e as altas temperaturas. Que se reforce inmediatamente con colectores de superficie as zonas nas que se atopan fora de servizo os colectores soterrados.
- 4.-Que se garanta a correcta separación e o sistema de reciclaxe en todas estas medidas.
  5. Que o Concello de Ribadavia proceda á desparasitación e eliminación de pragas de insectos e ratas existentes nestas zonas.
  6. Que o Concello de Ribadavia realice un traballo de mantemento e conservación periódico da maquinaria e sistema de colectores soterrados, tal e como estipula o fabricante e como se recolle como obriga para o Concello na acta de recepción dos mesmos.
  7. Que se leve a cabo no Casco histórico de Ribadavia medidas de ocultación e “embelecemento” de colectores, tal e como acontece noutros cascos históricos de vilas Galegas ou mesmo en zonas da rúa progreso de Ribadavia.

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol RBC , , reservándose para o pleno PSOE, PP , BNG e CxG.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- Esta moción foi presentada con anterioridade á moción debatida antes.

Alcalde.- As mocións deben incluírse no pleno por orde de rexistro, se toma nota.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC9.- A situación dos contenedores é que non chegan para dar servizo a toda a veciñanza. Hai suciedade nas rúas, mesmo insectos, ratas, etcétera.... Va en detrimento da salubridade das rúas. Para que a veciñanza colabore hai que mellorar a situación dos colectores. No convenio coa Consellería de Medio Ambiente de 2004 había unha obriga do concello de mantemento e conservación dos colectores., os fabricantes dicen que hai que facer unha labor de mantemento. Se decía que a situación a ía a solventar a Deputación, pero conleva un coste para o concello. Esta situación se podería ter resolto se houbera un mantemento dos colectores. Hai unha pequena partida orzamentaria para este problema. A propia cidadanía non atopa a normativa.Estivo ben advertir con carteis pero hai que adoptar medidas sancionadoras e poñer colectores móbiles de rúa para dar alternativa aos soterrados e pechados. Pido apoio a esta moción.

D Manuel Vázquez López ( CxG).- Nos imos a abster, dado que está concertado o servizo de recollida de lixo, se debería supervisar para que a concesionaria preste ben o servizo. Si fan falla máis contenedores.

D Xacobe García Soto ( BNG).- No servizo de recollida de lixo non hai unha concesión, leva a xestión a Deputación provincial non é o mesmo. O actual sistema de recollida de residuos non funciona a nivel de país, iso se reflicte en vilas como Ribadavia. Con outro sistema tamén o custe económico sería menor.

Durante a Mostra Internacional de Teatro hai máis xente, hai que ter a casa limpia cando hai invitados. No primeiro domingo da Mostra de Teatro a situación dos colectores preto do castelo era desafortunada.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- O servizo de recollida de lixo mellorou dende que se delegou o servizo na Deputación. Sempre hai que aspirar a que o servizo sexa mellor. Falta conciencia social neste tema, hai xente que tira a bolsa fora de horario ou cando non hai recollida. Pero tamén hai un problema de capacidade se hai colectores fora de servizo. Non se poden pechar os ollos ante un problema obxectivo de falta de espazo.

Alcalde.- A mín non me molesta ningunha moción. Este tema ten unha solución que xa indicou este alcalde na prensa. Os concelleiros do PP saben que hai un informe moi exhaustivo da Deputación sobre como se debe resolver o problema. O alcalde de Ribadavia fai tempo que plantexou o problema, está recollida nas actas do pleno da Deputación.. A contratación a fixo a Deputación porque ao facerse conxuntamente sae máis barato, o custe aproximado que aforra o concello son 24.000 euros. Vaise facer un mantemento integral dos contenedores a través desta contratación conxunta da Deputación. O tema xa está en vías de solución , só hai un contenedor inutilizado. A Deputación sí fixo un mantemento; non hai falta de espazo , é os domingos, non é casual, o domingo é o día que non hai recollida de lixo.

Na Praza de San Xoán , hai veces que as bolsas de lixo están no chan e os contenedores baleiros.

A Deputación fai un bo servizo, preferimos que o siga levando. Non estamos de acordo en que o servizo se privatice, ¿ qué pasaría nos concellos pequenos se o servizo se privatizase? Vaise resolver o tema a curto prazo. Respecto da débeda coa Deputación polo lixo, se fai falla un plan de pagos ou se ten feito pagos; a deputación lle debe ao concello máis de 100.000 euros. A débeda se podía afrontar nestes intres.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- Un par de matices, oíndo o alcalde da a impresión de que a lexislatura acaba de empezar ou que leva días ou un par de semanas no cargo. O mes de xullo o problema non ten solución e os veciños queixándose, dous anos e o problema segue sen solución. Son escéptico sobre a solución. Non estou de acordo en que o alcalde diga que a culpa é da veciñanza.

Alcalde .-¿Pero quen dixo que a culpa sexa da veciñanza?

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- Hai parte da veciñanza que non cumpre a normativa ou mesmo é incívica, hai que tomar medidas para que a norma se cumpra.

Hai un deterioro total das illas de contenedores porque non houbo mantemento. Os servizos municipais, aínda transferidos a outra administración, a titularidade é municipal. Veremos como aumenta a débeda coa Deputación. Si se arregla o tema felicitaré ao goberno

Alcalde.- Se chega a estar eiquí algún día verá que as cousas non son tan fáciles. Nos logramos que se instalarán os contenedores soterrados, somos o concello que máis ten.

Eu non acusei á cidadanía , iso é demagogia. Eu , moitas veces, recollín bolsas do chan para botalas a un contenedor baleiro. Eu, o que dixeran , é que hai algúns veciños que fan

as cousas mal. O propio portavoz do PP dixo que mellorou a recollida de lixo. A reparación dos contenedores a paga o concello, pero ao ser unha contratación conxunta sae máis barato. Fai dous anos se chegou a decir que o concello estaba arruínado , o tempo amosou que non era certo.

Sometida a votación a proposta obtéñse o seguinte resultado, votos a prol PP (5), RBC e BNG , abstencións PSOE (5) e CxG, fica aprobada.

## **6. PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 18 DE XULLO DE 2017 FIXANDO O PREZO PÚBLICO DAS ENTRADAS DA ACTUACIÓN DE EFECTO PASILLO.-**

O secretario lee o ditame da Comisión Informativa do seguinte tenor literal:  
Considerando que a xunta de goberno local en sesión de 18 de xullo de 2017 adoptou o seguinte acordo:

Fixación prezo público da actuación de Efecto Pasillo

Visto o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

- Artigo 41 :” As entidades locais poderán establecer prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades da competencia da entidade local, sempre que non concurra ningunha das circunstancias especificadas no artigo 20.1.b) desta lei.”

Vista a Sentenza do Tribunal Supremo de 14 de abril de 2000 na que se indica”... a su vez los precios públicos , al carecer de la naturaleza de tributos , se establecían o modificaban por un acuerdo del pleno, o ,por delegación , de la Comisión de Gobierno, sin necesidad de seguir el procedimiento garantista propio de las Ordenanzas fiscales, es mas, sin necesidad siquiera de utilizar la forma de Ordenanzas”

Considerando que o día 23 de setembro ás 23:00 horas na Explanada do IES O Ribeiro vaise celebrar un concerto de Efecto Pasillo organizado polo concello

Considerando que na contraprestación a abonar polos asistentes non concurre ningunha das circunstancias indicadas no artigo 20.1.b) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, co cal ten unha condición extratributaria coa natureza de prezo público.

Visto o artigo 47.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais :” o establecemento ou modificación dos prezos públicos corresponderá ao pleno da corporación, sen prexuízo das facultades de delegación na Xunta de Goberno local, consonte ao artigo 23.2.b) da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local”

Vista a Lei 39/2015 de procedemento administrativo común:

- artigo 52.3 Se o vicio consistise en incompetencia non determinante de nulidade , a convalidación poderá realizarse polo órgano competente cando sexa superior xerárquico do que ditou o acto viciado.

A xunta de goberno local por unanimidade acorda:

-“Fixar un prezo público para as entradas da actuación de Efecto Pasillo o día 9 de setembro ás 23.00 horas ne explanada do IES O Ribeiro de 5 euros por compra anticipada, que se efectuará no concello e na oficina de turismo, e dez euros por compra en taquilla.

- Someter o presente acordo á ratificación do pleno na primeira sesión que se celebre.

**PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN O SEGUINTE ACORDO:**

- Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de 18 de xullo de 2017 e fixar un prezo público para as entradas da actuación de Efecto Pasillo o día 9 de setembro ás 23:00 horas na Explanada IES O Ribeiro de 5 euros por compra anticipada , que se efectuará no concello e na oficina de turismo, e dez euros por compra en taquilla.

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol PSOE e CxG , , reservándose para o pleno , PP , BNG e RBC .

Alcalde.- Levanto tanto tempo tamén se cometen erros, pola dinámica da propia institución se imponían prezos públicos e non se aprobaban. Se ponía o prezo público sen acordo e algún áxil podería ter recorrido.

D Brais Fidalgo ( RBC).- Vostese ten funcionarios a carón que o ten que prever e ten que apercibir.

Sometida a votación a proposta obtéñese o seguinte resultado : votos a prol PSOE(5) e CxG , , abstención , PP (5) , BNG e RBC , por conseguinte fica aprobada.

**7. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTO DE CRÉDITO DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2017 PARA SUFRAGAR A APORTACIÓN MUNICIPAL AO PROXECTO SUBVENCIONADO POLA XUNTA DE GALICIA DE PARQUE ESCOLA SOBRE A RECICLAXE E HORTICULTURA ECOLÓXICA.**

O secretario lee o ditame da Comisión Informativa do seguinte tenor literal:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito , financiado mediante anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidos, sen que se vexa perturbado o respectivo servizo, co seguinte detalle:

**1º CREDITOS NECESARIOS:**

- Creditos extraordinarios (Partidas non existentes no Orzamento)

Partida orzamentaria	Consignación anterior	Aumento que se prop.	Total	Fins
172.61900	0	8.000	8.000	Aportación municipal o proxecto “Parque Escola sobre a reciclaxe e horticultura ecolóxica”.

**R E S U M O**

Tota creditos extraordinarios e suplementos de crédito .....	8.000
Total créditos necesarios .....	8.000
IMPORTE TOTAL DA OPERACION.....	8.000

## 2º.- FINANCIAMIENTO

Para financiar-los créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar-los seguintes recursos:

Con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería.

Con cargo a novos ou maiores ingresos recadados sobre os totales previstos nalgún concepto do orzamento corrente.

Con cargo a anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo, segundo o detalle que segue:

Partida orzamentaria	Consignación anterior	Disminución que que se prop.	Total	
12100.932	13.576,22	6.788,11	6.788,11	(1)
16000.221	454.494,87	1.211,89	458.282,98	(2)

Total diminución que se propón----- 8.000

(1) Retribución básica ( sueldo base) da praza vacante de Interventor, 6 meses de dotación orzamentaria).

(2)Seguridade social a cargo da empresa das prazas vacantes que se minoran..

### RESUMO

- Cantidade que se utiliza procedente do Remanente Líquido de Tesourería-----  
--0 euros.
- Cantidade que se utiliza procedente de novos o maiores ingresos recadados sobre os totales previstos nalgún concepto do orzamento corrente----- 0 euros.

Cantidade que se utiliza procedente de anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo-----8.000 euros

SEGUNDO:- Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no Boletín Oficial da Provincia , polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentaron reclamacións ; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol PSOE, CxG, Ribeiro en Común, reservándose para o Pleno o , PP e BNG Por conseguinte fica ditaminada favorablemente.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade

## 8. MOCIÓN, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

D Manuel Vázquez López ( CxG).- Recordar ao concelleiro de servizos municipais o tema das fontes, especialmente a do canos. Lembrar tamén o tema dos paneis informativos .Pido que se soliciten contenedores de reforzo á Deputación.

Fago unha suxerencia , non estaría de máis, que de cara á Festa da Historia se solicitarán uns pivotes dimensionados de formigón para colocar nos accesos por protección, para evitar calquera incidencia

Alcalde.- Algunha cuestión se vai a ter en conta. Se pedíu un reforzo de contenedores a Deputación, a Deputación fixo unha oferta pública e quedou deserta. Se repararon cerca de oitenta. Na xunta local de seguridade tratouse o tema da Festa da Istoría, xa se preveron medidas, se abordou o tema , se pondrán esas cuestións.

D Manuel Vázquez López .- Pregunto pola ampliación da empresa Rubi no parque empresarial

Alcalde.- É unha noticia moi importante para o concello , consiste nunha ampliación das oficinas e un foso para unha nova prensa, cada máquina costa millóns de euros.Pasou de cincuenta a setenta traballadores, espera chegar aos cen. A mesma enxenería que leva este proxecto chamou para falar de outra ampliación, mesmo comprando máis parcela.

- O noso grupo reitera a solicitude de paso de Peóns entre a rúa Avenida de Redondela e rúa Eladio Rodríguez .
- En relación coa Moción e o acordo realizado xa polo noso grupo, reiteramos se convoque por parte da presidencia, e Alcaldía, o Padroado da Vila termal de Prexigueiro. Reiteramos que por parte da Presidencia se lle transmita a esixencia legal e o deber de cumprir o contrato da empresa concesionaria, e se abandone por parte da presidencia- alcaldía a actitude de cómplice da empresa no seu incumprimento legal da realización de 2 pozas termais externas, así como de outros preceptos de obrigado cumprimento.
- Melloras no Museo Xudio de Galicia: limpar e pintar as ventás do museo, repor luces, limpeza escaleiras e mellorar o seu mantemento tanto do patio de acceso como o seu entorno e interior.
- Aproveitamento do almacén municipal situado no edificio do Pazo dos Condes (actual Xulgado) na rúa Merelles Caula. Aproveitamento para exposicións permanentes ou temporais de Ribadavia. Neste sentido hai algunhas iniciativas que poderían situarse aquí, como por exemplo a voda xudia da Festa da Istoría, organizada polo Centro de Estudos Medievais. De seguro podería aproveitarse en máis iniciativas.
- Solicitamos que se continúe coa limpeza e tramitación da ordenanza de limpeza solares particulares, tal e como se procedeu na finca localizada ao lado do IES Ribeiro e Colexio Tomás de Lemos. Neste mesmo recinto existen fincas nun estado similar á desbrozada polo Concello.
- Solicitamos de novo a limpeza e o arranxo da fonte situada no Parque Robla, que continuamente permanece sucia e en mal estado, de non ser posible este arranxo propoñemos a súa retirada, pois é contraproducente que continúe na mala situación actual. Así mesmo, tamén solicitamos que se proceda a mellora deste parque, xa que é unha das principais vistas visitadas no noso casco histórico desde o mirador da praza Buxán. Solicitamos tamén limpeza da muralla medieval situada nesta altura, pois atopase chea de maleza. A pesar de que no mes de xullo houbo diferentes traballos de limpeza e desbroce nesta zona, pasou a MIT e non se foi capaz de ordenar a limpeza da Muralla.



- Solicitamos de novo limpeza da zona arredor do antigo matadoiro e a ponte de ferro do ferrocarril (Rúa Vendaval), por atoparse esta en mal estado e de suciedade. Solicitamos se proceda tamén a limpeza da sinal de entrada en Ribadavia nesta rúa.

Nesta mesma zona, de novo demandamos que se proceda a estudar con técnicos a orixe dun socavón existente para tomar medidas preventivas.

- Solicitamos de novo, como xa fixemos en plenos anteriores, a mellora do entorno da Porta nova, xa que entendemos que o seu estado non é o máis acaído como punto importante de visita turística e de lugar referencial do noso casco histórico. Existe unha importante suciedade na zona onde se O noso grupo reitera a solicitude de paso de Peóns entre a rúa Avenida de Redondela e rúa Eladio Rodríguez .
- En relación coa Moción e o acordo realizado xa polo noso grupo, reiteramos se convoque por parte da presidencia, e Alcaldía, o Padroado da Vila termal de Prexigueiro. Reiteramos que por parte da Presidencia se lle transmita a esixencia legal e o deber de cumprir o contrato da empresa concesionaria, e se abandone por parte da presidencia- alcaldía a actitude de cómplice da empresa no seu incumprimento legal da realización de 2 pozas termais externas, así como de outros preceptos de obrigado cumprimento.
- Melloras no Museo Xudio de Galicia: limpar e pintar as ventás do museo, repor luces, limpeza escaleiras e mellorar o seu mantemento tanto do patio de acceso como o seu entorno e interior.
- Aproveitamento do almacén municipal situado no edificio do Pazo dos Condes (actual Xulgado) na rúa Merelles Caula. Aproveitamento para exposicións permanentes ou temporais de Ribadavia. Neste sentido hai algunhas iniciativas que poderían situarse aquí, como por exemplo a voda xudia da Festa da Isteria, organizada polo Centro de Estudos Medievais. De seguro podería aproveitarse en máis iniciativas.
- Solicitamos que se continúe coa limpeza e tramitación da ordenanza de limpeza solares particulares, tal e como se procedeu na finca localizada ao lado do IES Ribeiro e Colexio Tomás de Lemos. Neste mesmo recinto existen fincas nun estado similar á desbrozada polo Concello.
- Solicitamos de novo a limpeza e o arranxo da fonte situada no Parque Robla, que continuamente permanece sucia e en mal estado, de non ser posible este arranxo propoñemos a súa retirada, pois é contraproducente que continúe na mala situación actual. Así mesmo, tamén solicitamos que se proceda a mellora deste parque, xa que é unha das principais vistas visitadas no noso casco histórico desde o mirador da praza Buxán. Solicitamos tamén limpeza da muralla medieval situada nesta altura, pois atopase chea de maleza. A pesar de que no mes de xullo houbo diferentes traballos de limpeza e desbroce nesta zona, pasou a MIT e non se foi capaz de ordenar a limpeza da Muralla.
- Solicitamos de novo limpeza da zona arredor do antigo matadoiro e a ponte de ferro do ferrocarril (Rúa Vendaval), por atoparse esta en mal estado e de suciedade. Solicitamos se proceda tamén a limpeza da sinal de entrada en Ribadavia nesta rúa.

Nesta mesma zona, de novo demandamos que se proceda a estudar con técnicos a orixe dun socavón existente para tomar medidas preventivas.

Solicitamos de novo, como xa fixemos en plenos anteriores, a mellora do entorno da Porta nova, xa que entendemos que o seu estado non é o máis acaído como

punto importante de visita turística e de lugar referencial do noso casco histórico. Existe unha importante suciedade na zona.

D Xacobe García Soto ( BNG).- Rogo que se melloren os baños do parking da alameda.

Dado que unha persoa que actuou na Mostra Internacional de Teatro fixo queixas do auditorio , pido que se solventen esas cuestións.

Rogo que se melloren os espazos públicos do concello.

¿ Da finca que se limpiou a carón do colexio se lle pasou o custe á entidade bancaria propietaria?

Alcalde .- Si.

D Celso Sotelo Barroso (PP):- ¿ Cal é a estimación de venda das entradas da Mostra de Teatro?

Dª María López Touza, concelleira de cultura.- 31.000 euros, un pouquiño máis que o ano pasado.

D Celso Sotelo Barroso (PP).- No escenario da Mostra de Teatro, que saiu na tele, se veían unhas prantas que en media hora se tiveran cortado.

Compre unha barredora en condicións.

Advertí de controlar o acceso de coches no Rio Avia e non se fixo nada.

Hai que reparar a acera na parte de San Francisco.

Hai que podar a árbore que está onde o Bar Alfonso.

Había un ferro na baixada ao parking, en outro pleno pedí que se soldara, non sei se o recolleron os barrenderos.

Ardeu unha caseta en Sampaio.

Rogo que se limpie o camiño da Telleira.

Que se faga limpeza nos cauces dos ríos.

Que se faga un coidado e reparación do mobiliario municipal, un barniz e pintura aos bancos da alameda.

Que se faga un prego con novas condicións para a concesión da auga.

Que se coloque unha sinal de baixada a Ribadavia dende a estación de autobus antes da Festa da Isteria.

Fago unha queixa pola Praza da Madalena.

¿ O concello dispón de póliza de responsabilidade civil para os accidentes dos traballadores?

Alcalde.- A maioría son rogos dos que tomo nota. Respecto dos pregos da concesión da auga se está traballando, é un tema moi complicado, hai que buscar a mellor opción en beneficio do concello, hai cuestións técnicas e económicas moi complexas, que as ten que avaliar unha consultoría, xa exceden da capacidade dos funcionarios do concello.

Respecto dos accidentes laborais , cando o concello ten a culpa sempre a asume, o concello non se vai desentender de ningún traballador municipal accidentado, pero non se pode decir que hai un delicto laboral cando o xuíz aínda non falou. Da mesma maneira que os concelleiros ten dereitos e deberes, a lexislación laboral impón dereitos e obrigas aos traballadores.

D Miguel García Domínguez (PP).- Rogo que se deslinde o tema de que eu sexa concelleiro do PP con a Festa da Isteria, eu eiquí son concelleiro e logo despois fago outras cousas que non ten que ver coa miña condición de concelleiro.

Alcalde.- A alusión foi para que non pensases que non se te invitou a Xunta local de seguridade onde se falou da Festa.

E sendo ás nove horas e vinte e cinco minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr Alcalde levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.

ALCALDE

SECRETARIO

D José Ignacio Gómez Pérez

Francisco Fernández Castro